

PLAN DE CONTINXENCIA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA DO CEIP ILLA VERDE

DATA: setembro 2021

Consideracións xerais:

Despois dun ano e medio de parón nas actividades extraescolares, a anpa do Ceip Illa Verde, decide facer a proposta ó consello escolar de retomalas no curso 21/22.


Son moitos os motivos que nos levan a asumir de novo este reto e queremos destacar os seguintes:

- Crear espazos educativos, culturais, deportivos onde os nenos/as poidan relacionarse en función das súas preferencias dentro do tempo de libre.
- Facelo nos espazos da comunidade educativa o que nos leva a reforzar os vínculos con nenos e nenas doutros niveis e grupos. A maiores na etapa de infantil os pequenos/as séntense máis seguros no seu colexio a hora de facer extraescolares.
- A conciliación da vida familiar e laboral tan necesaria para as familias é outro dos motivos que como Anpa nos leva a facer a proposta.
- O compromiso coas empresas e monitores cos que levamos traballando ó longo de tantos anos, e somos sabedores de que a súa situación laboral coa pandemia foi moi delicada, e estamos convencidos de que temos que apoiar a este sector.

Co fin de cumprir co protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22 elaboramos o plan de continxencia para as actividades extraescolares organizadas pola Anpa no Ceip Illa Verde partindo do anexo VI “Actividades extraescolares e complementarias organizadas polas Anpas, Concellos...”

1. Acceso as actividades: as familias non poderán acceder ó recinto escolar, serán os monitores os encargados de recoller e devolver ó alumnado na parte exterior da porta principal.
2. Obrigatoriedade do uso de máscara tanto para o monitor como para todo o alumnado de primaria e moi recomendable para alumnado de infantil.
3. Deberán traer reposto de máscaras aínda que tamén a Anpa repartirá ós monitores repostos para o alumnado en caso de que non teñan ou non estean nas condicións adecuadas as que traen.

4. Empregaranse para as actividades extraescolares as aulas da planta baixa, ximnasio, pavillón e espazo común do cole anexo.
5. O monitor accederá ó colexio pola porta lateral a 15:55 co fin de recollelo alumnado de comedor que acuda á extraescolares.
6. O monitor agardará a chegada dos nenos e nenas nos dous patios cubertos na fachada do colexio.
7. O alumnado debe acceder co monitor á súa aula sen mesturarse con outras aulas e actividades, empregando as dúas portas de acceso ó colexio grande.
Plano:



8. As sesións serán de 50 minutos momento no que se deberá abondar a sala e fárase o traslado dos nenos e nenas á porta principal do centro, empregando os patios cubertos para facer a agarda mentres os monitores reparten ós cativos de cada aula.
9. As 17:00 deberán estar entregados tódolos alumnos/as que participarán en algunha extraescolar no horario de 16:00 a 17:00.
10. A segunda sesión comezará ás 17:05 coa recollida do alumnado na porta do centro, agardando no patio cuberto a que estean todos para posteriormente dirixirse á aula. A actividade rematará ás 18:00h. seguindo o mesmo procedemento para a entrega dos participantes.

11. Ventilación: a aula deberá permanecer coa xanela e porta aberta co fin de garantir a correcta circulación do aire. No tempo que vai entre un grupo e outro deberase abrir tódalas ventás e a porta(entre grupo e grupo calculamos que haberá 15 minutos de ventilación sen alumnos/as)
12. Desinfección: as actividades que usen mesas para traballar ou outros materiais , procederán a súa desinfección antes de comezar a sesión. Serán os propios monitores os encargados e responsables de facelo.
13. As Actividades desenvolveranse sempre no mesmo local, e os grupos serán definidos dende o principio de curso, contarán tal e como xa era habitual con listaxe de alumnos e seguimento de asistencia, por se o equipo covid desexa solicitar esta información.
14. O aforo máximo marcado pola lei é de 20 alumnos/as por monitor. No Caso do pavillón poderíanse incrementar ata 40 alumnos sempre e cando haxa 2 monitores.
15. Os baños: dado que o aforo permitido polo protocolo é do 50% en baños e aseos, solicitámolo uso dun baño en cada un dos corredores do piso de abaixo (baños enfronte do ximnasio ou sala multiusos e baños enfronte da aula de relixión. Isto fará que o alumnado non se mesture no tempo das extraescolares nas zonas de baño.
16. O protocolo marca que as actividades extraescolares poden ser en agrupamentos por ciclos e cursos próximos. Seguindo isto farémolas agrupacións para as actividades.
17. A actividade de coro de nais e pais, no que participan adultos, desenvolverase seguindo as mesmas normas e con máscara.
18. Conxuntamente coa documentación que deben cubrir as familias para participar nas actividades extraescolares deberán asinar a declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as normas establecidas para o funcionamento das actividades e prevención da covid.